



A/A DIRECTORA DE ENFERMARÍA DA ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2020

Bo día Victoria , desde **CIG-SAÚDE COMPOSTELA** queremos saber cal é o motivo para que na 3º planta do **H. de CONXO** e máis concretamente na **COT**, se retiraran **todos** os sofás que os traballadores teñen no oficce onde descansan e toman un café.

Entendemos que os habitáculos son moi pequenos para que permanezan alí todos sen gardar a distancia de seguridade, máis co fin de evitalo teñen un cartaz no taboleiro que prohibe que permanezan máis de dúas persoas no citado local. Máis non entendemos o feito de retiralos todos só na **COT (planta 3º E)**, planta onde se manifestaron un número importante de contaxios de COVID-19 entre ás profesionais.

Xa que noutras unidades do Hospital retiraron só metade deles, é porque non lle deron unha alternativa, respectando a distancia de seguridade e sen repercutir no descanso das xornadas laborais, sobre todo nas noites. Entendemos que dita actuación non pode supor un agravio aos profesionais ao non respectar os seus dereitos a gozar do período de pausa e de descanso na súa xornada como establece a normativa vixente ou ofertarlle outra alternativa. Nestes intres @s profesionais de dita unidade non entenden a actitude dos responsables da Dirección.

Dende CIG-Saúde entendemos que se debe acordar cos profesionais ou seguir as recomendacións establecidas para que non prexudique a seguridade e saúde d@s profesionais de dita unidade. Polo que **SOLICITAMOS**

- Unha alternativa para que poidan gozar dos seus descansos.
- Una explicación ao persoal da unidade por dita actuación.

Antonio Ramos Benito